



# Omencer



alumnos c.x.b. - seminario "sta.catalina" - mondoñedo (lugo)

ANO I - NUM. 6 - Nadal 1982



# Os nosos pobos

Por

David Estávez Villalón

Carlos Dopico Bascoa

8º E.X.B.



UN POBO QUE VIVE  
O NADAL.

BEGONTE é un pobo pequeno atravesado pola estrada N - VI. Ten uns catrocentos habitantes que viven na súa maioría parte do campo no que colleitan patatas, millo, centos e trigo. Os barrios más importantes son os de Vila, Pazo, Cruceiro, Quintimil, Aldoa, Padregás e Bengode. Begonte é a capital municipal do concello do mesmo nome.

En canto a moimentos su couzas que ver, en Begonte hai poucos a non se le Belén Electrónico e o Club Fluvial que momentes funciona no vrán. O Club Fluvial está á veira do río Ladra no que se organizan varias concursos de pesca.

O Belén electrónico está instalado no Centro Cultural Xosé Romínguez no que ademais hai unha biblioteca e ali está tamén a escola de baile galego e de gaita. Dixéronnos que polo Nadal ven moita xente a Begonte pra ve-lo Belén e que se pasa moi ben porque sempre hai mísseas.

Industria pouca tem. Hai unha serrería desde hai uns trinta e cinco anos na que traballan catro obreiros. Vendan a madeira da píxeire, viducire e carballe pra Albacete, Lugo e Bilbao. Hai, ademais, unha fábrica de zonas e outra de piensos pró grande.

En Begonte hai unha hospedaxe (o Cereixo) e varias bares. Hai centro médicos e unha farmacia.

Begonte polo Nadal convírtense nun pobo acolledor, un pobo que xira ó redor do Belén electrónico.

# hoxe falamos con ...

DON JOSE DOMINGUEZ GUILZAN,

Párroco de Begonte e presidente do  
Centro Cultural.

Por Daniel Estévez Villalón, 7º E.X.B.

Jaime Basoa Rodriguez, 6º E.X.B.



- ¿CANTOS ANOS LEVA FUNCIONANDO O BELEN ELECTRONICO?

- Fai xa once anos.

- ¿QUE SUPON O FEITO DO BELEN ELECTRONICO PRA BEGONTE?

- Supón vivir mais intensamente o Nadal e á xente ser máis responsable no anuncio da mensaxe do Nadal; paz e amor.

- ¿CANTAS PERSOAS VISITARON O BELEN O DERRADEIRO ANO?

- O Nadal derradeiro visitaron o Belén electrónico ó redor dunhas cincoenta mil persoas.

- ¿QUE ACTOS VAN TER ESTE ANO EN BEGONTE NO NADAL?

- En primeiro lugar tenemos o Pregón do Nadal que este ano está a cargo de Filgueira Valverde; teremos exposicións de pintura de Rielo, de María Guevara, de Ordoñez; exposicións de traxes rexionais e de alfarería de Bonxe. Finalmente teremos o concurso de periodismo, poesía de nenos e maiores, de dibuxo infantil, etc.

- ¿QUE NOVEDADES VAI PRESENTAR ESTE ANO O BELEN?


- Como tódolos anos terá alguma novedade como poden ser o movemento dos reis e novas figuras con movemento que non é do caso das ilas agora.

- ¿TRABALLA TODO O PQBO NA MONTAXE DO BELEN?

- Non. É un grupo moi reducido de catro ou cinco persoas. Agora ben desde o ano pasado ampliouuse un pouco máis o grupo porque a xuventude tamén se esforza en que o Nadal sexa algo mellor tódolos anos.

¿CANTO COSTA O MANTENEMENTO DO BELEN E DE ONDE SACAN OS CARTOS?

- O custo depende moito da renovación que se fai cada ano; este ano, por exemplo, cecais sexa o de máis custo pola publicidade do Belén que imos facer na Coruña, Lugo e Vilalba, lugares nos que actuará unha masa coral e poñerase unha película en vídeo na que se poderán ver a feitura e os secretos do Belén. Temos un avance dun custo inicial superior ó millón de pesetas que pensamos xuntar de que os vi-



mitantes deixan en concepto de axuda, do que nos concede o Ministerio de Cultura a través da súa delegación de Lugo, do que nos da a Deputación Provincial e do que xuntemos no festival de gala que dará o gran humorista e o mesmo tempo ilusionista, Pepe Regueira tan coñecido polo programa da TV "Lapiz y papel".

.....00000000.....


#### NOTA DA R.:



O Belén electrónico está instalado na planta baixa de "CENTRO CULTURAL XOSE DOMINGUEZ GUIZAN" e estará aberto desde o vindeiro 18 de decembro, en que Filgueira Valverde pronunciará o Pregón, hasta finais de xaneiro.

\* \* \* \* \*

**N R D E L**



## EXELTO DE CANCELLE 7883

Este número do noso xornal Amencer, que é o derradeiro deste primeiro ano de andadura, vai caseque todo él adicado a temas do Nadal. Os dibuxos das tapas e o da felicitación (páx. 3) foron os que levaron os tres primeiros premios no concurso de dibuxo do Nadal.

Pra facer "Hoxe falamos con ..." e "Os nosos pobos" fomos hasta Begonte pola importancia que ten este pobo no Nadal. Ali está instalado un Belén electrónico, no que, precisamente, estaban traballando cando estivemos ali.

Queremos presentar este número como unha felicitación navideña na que desexamos o mellor pra todos neste Nadal e neste Aníno-vo que axiña escomenzaremos.

a redacción.